



2019/AREASDELEG/000001

DECRETO DO ALCALDE FIXANDO AS ÁREAS DE GOBERNO, CONCELLEIROS RESPONSABLES DAS DISTINTAS ÁREAS E DELEGACIÓNS ESPECIAIS

Vistos os artigos 124 da Lei 7/1985, reguladora de bases de réxime local, artigo 613 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, artigos 43 a 45 e 114 a 118 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico de Entidades Locais, así como os artigos 8 e ss e 26 e ss do Regulamento orgánico do goberno e da administración do Concello de Pontevedra relativos ó réxime xurídico das delegacións, fixación das áreas de goberno, concelleiros de goberno e delegados, esta Alcaldía, en exercicio das atribucións que lle confiren os citados artigos, DECRETA:

Primeiro- Establecer oito áreas de goberno municipal para o Concello de Pontevedra, sendo a súa denominación, o/a concelleiro/a de goberno responsable da área e o ámbito funcional o seguinte:

AREA DE RÉXIME INTERIOR, CONTRATACIÓN E PROMOCIÓN DA CIDADE

Concelleira responsable: Anabel Gulias Torreiro

Ámbito funcional:

- a) Réxime interior, organización da administración e canles de relación coa cidadanía
- b) Xestión do Padrón municipal de habitantes
- c) Impulso e xestión dos expedientes de contratación
- d) Xestión dos fondos eDusi
- e) Promoción da cidade e proxección exterior da cidade e do Concello
- f) Grandes eventos deportivos
- g) A inscrición e modificación no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos

AREA PROTECCIÓN CIDADÁ E SOSTEMENTO DOS ESPAZOS PÚBLICOS URBANOS

Concelleira responsable: Eva María Villaverde Pego

Ámbito funcional:

- a) Sostemento dos espazos públicos: actuacións de sostemento e reparación da sinalización horizontal e vertical, mobiliario urbano, iluminación pública e vías públicas urbanas (agás obras completas de reposición), instalacións de empresas subministradoras
- b) Coordinación e dirección directa da policía local
- c) A solicitude de autorización para realización de servizos sen uniforme por parte dos axentes da policía local
- d) Coordinación e supervisión do servizo municipal de extinción de incendios
- e) Coordinación e supervisión do servizo de protección civil
- f) Coordinación do plan de emerxencia municipal
- g) Ocupación de vías públicas (como pasaxes permanentes, veladores, casetas, etc)
- h) Dirección e coordinación en materia de tráfico, previa tramitación do procedemento regulamentario
- i) A imposición de sancións en materia de tráfico, previa tramitación do procedemento regulamentario

AREA DE OBRAS URBANAS E TRANSPORTES

Concelleiro responsable: Demetrio Gómez Xunqueira

Ámbito funcional:

- a) Proxectos integrais de urbanización e reurbanización
- b) Coordinación de actuacións urbanas
- c) Transportes públicos, taxis e transporte a demanda
- d) Xestión de estacionamento en réxime de concesión



- e) Ordenación do estacionamento en vías públicas

AREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E MOBILIDADE

Concelleiro responsable: Cesareo Mosquera Lorenzo

Ámbito funcional:

- a) Xestión e ordenación xeral da mobilidade
- b) Accesibilidade
- c) Ordenación do territorio
- d) Infraestruturas de comunicación e dotacións tanto propias como de outras administracións

AREA DE PATRIMONIO MUNICIPAL E FESTAS

Concelleira responsable: María Carmen da Silva Méndez

Ámbito funcional:

- a) Patrimonio municipal
- b) Actualización de inventarios
- c) Responsabilidade patrimonial e reclamación de danos ao patrimonio municipal
- d) Iniciativa, programación e xestión de actividades lúdicas e festas
- e) Fomento e coordinación de actividades lúdicas promovidas por outras administracións ou entidades
- f) Dinamización sociocultural
- g) Xestión do ciclo da auga
- h) Vicepresidencia do organismo autónomo Pazo de Congressos e Exposicións de Pontevedra

AREA DE ECONOMÍA E FACENDA

Concelleiro responsable: Raimundo González Carballo

Ámbito funcional:

- a) Orzamentos e gasto público, ingresos
- b) Ingresos de dereito privado e de dereito público, tributarios e non tributarios en todo o que non sexa competencia do Órgano de Tesourería e Xestión Tributaria
- c) Autorización e disposición de gastos, non atribuídos a outro órgano de goberno por disposición legal
- d) Ordenación de pagos
- e) Xestión de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria
- f) Xestión da recollida e tratamento dos residuos municipais, recollida selectiva e contratación destes servizos
- g) Obras derivadas do contrato do ciclo da auga
- h) As atribucións de expropiación e adquisición de inmobles que competen á Alcaldía nos procedementos de levantamento de actas de pagamento e de ocupación dos bens e dereitos afectados polos expedientes de expropiación forzosa
- i) Servizos territorializados en Canicouva e Pontesampaio, exercendo todas as competencias municipais do ámbito xeográfico que ten asignado agás as de ordenación do territorio, urbanismo, protección cidadá, deportes, educación e servizos sociais, en coordinación e co criterio do concelleiro que teña delegada a competencia xeral

AREA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE

Concelleiro responsable: Agustín Fernández González

Ámbito funcional:

- a) Xestión das competencias municipais en educación en todos os niveis obrigatorios e post-





obrigatorios

- b) Xestión de programas e actividades nos centros educativos
- c) Fomento, promoción, xestión e desenvolvemento da actividade física, práctica deportiva e instalacións deportivas e novas instalacións
- d) Eventos deportivos ata o ámbito galego

AREA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO MEDIO NATURAL

Concelleiro responsable: Ivan Puentes Rivera

Ámbito funcional:

- a) Zonas verdes, parques e praias urbanas
- b) Posta en valor das zonas naturais asociadas cos cursos da auga dos ríos e ría do concello
- c) Actuacións en praias urbanas de DPMT
- d) Divulgación e educación ambiental
- e) Disciplina ambiental
- f) Xestión dos parques infantís e interxeneracionais de ocio e das zonas verdes e xardíns no ámbito urbano
- g) Novos parque e espazos de ocio

Segundo- DELEGACIÓNES ESPECIAIS: Confírense as seguintes delegacións especiais, a favor dos concelleiros delegados que se indican, baixo a coordinación do concelleiro responsable da respectiva área:

SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA baixo a coordinación da concellaría responsable da AREA DE RÉXIME INTERIOR, CONTRATACIÓN E PROMOCIÓN DA CIDADE

Concelleira delegada: María del Carmen Fouces Diaz

Ámbito funcional:

- a) Negociación de acordos e convenios colectivos, reguladores das condicións de traballo e melloras sociais
- b) Seguimento e control do cumprimento dos dereitos e deberes do persoal ó servizo do concello
- c) Promoción e xestión da cultura
- d) Decisións, propostas e trámites en materia de persoal que sexan competencia da Alcaldía
- e) Cemiteiros
- f) Xestión do Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra e do Teatro Principal
- g) Presidencia do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra

SERVIZO DE XUVENTUDE, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E COORDINACIÓN DO RURAL baixo a coordinación da concellaría responsable da AREA DE RÉXIME INTERIOR, CONTRATACIÓN E PROMOCIÓN DA CIDADE

Concelleiro delegado: Luis Alberto Oubiña Piai

Ámbito funcional:

- a) Novas tecnoloxías
- b) Normalización lingüística e cultural
- c) Xuventude
- d) Montes e parques forestais
- e) Zonas verdes, parques e praias rurais
- f) Coordinación rural
- g) Servizos territorializados nas parroquias de Bora, Mourente, Marcón, Tomeza, Salcedo e



Lourizán exercendo todas as competencias municipais do ámbito xeográfico que ten asignado agás as de ordenación do territorio, urbanismo, protección cidadá, deportes, educación e servizos sociais, en coordinación e co criterio do concelleiro que teña delegada a competencia xeral

SERVIZO DE URBANISMO E PATRIMONIO HISTÓRICO baixo a coordinación da concellaría responsable da AREA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E MOBILIDADE

Concelleiro delegado: Xaquín Moreda González

Ámbito funcional:

- a) Planeamento urbanístico
- b) Xestión urbanística
- c) Licenzas urbanísticas, declaracións responsables e comunicacións previas de obras e actividades
- d) Disciplina medioambiental, infraccións urbanísticas e reposición da legalidade urbanística
- e) Ordenes de execución e declaracións de estado de ruína
- f) Dirección, coordinación e imposición de sancións por infraccións ás normas urbanísticas, medioambientais, de seguridade cidadá, ordenanzas, bandos e similares que son competencia de Alcaldía
- g) Vivenda, areas de rehabilitación integral e outros instrumentos de xestión de vivenda
- h) Patrimonio cultural e etnográfico
- i) Actuacións en materia de vivenda: ARI de Estribela e Centro Histórico

SERVIZOS TERRITORIALIZADOS baixo a coordinación da concellaría responsable da AREA DE ECONOMÍA E FACENDA

Concelleira delegada: María del Pilar Comesaña Hermida

Ámbito funcional:

- a) Servizos territorializados nas parroquias de **Parroquias de Campañó, Alba, Cerponzóns, Lárez, Verducido, Santa María de Xeve e Santo André de Xeve exercendo** todas as competencias municipais do ámbito xeográfico que ten asignado agás as de ordenación do territorio, urbanismo, protección cidadá, deportes, educación e servizos sociais, en coordinación e co criterio do concelleiro que teña delegada a competencia xeral

SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL E IGUALDADE baixo a coordinación da concellaría responsable da AREA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE

Concelleira delegada: Paloma Castro Rey

Ámbito funcional:

- a) Servizos Sociais
- b) Servizo de drogodependencias, Unidade de Día, prevención e inserción
- c) Promoción da Igualdade
- d) Sanidade animal
- e) Canceira e animais abandonados

SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, TURISMO E UNIVERSIDADE baixo a coordinación da concellaría responsable da AREA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, ACTIVIDADE FÍSICA E SAUDE

Concelleira delegada: María Gloria Blanco Rial

Ámbito funcional:

- a) Fomento da actividade económica
- b) Comercio e incentivamento das actividades empresariais
- c) Políticas de emprego
- d) Actividades de promoción económica de todos os sectores produtivos





- e) Promoción e fomento do turismo
- f) Fomento e xestión de actividades feirais e congresuais
- g) Mellora, mantemento e conservación dos mercados municipais e funcionamento dos mercadillos de venda ambulante
- h) Xestión do matadoiro municipal
- i) Relacións coa Universidade

Terceiro- O seguimento e impulso dos convenios delégase en cada un dos concelleiros mencionados nos puntos anteriores nas súas respectivas áreas, sen prexuízo das competencias da Alcaldía sobre estes

Cuarto- Todas as delegacións refírense a materias e competencias da Alcaldía

Quinto- Delegar nos concelleiros de goberno, membros da Xunta de Goberno Local mencionados no apartado primeiro as competencias da Alcaldía nesas áreas de acordo co seu ámbito funcional, ostentando nas súas áreas a funcións de dirección, planificación e coordinación política

Sexto- Os concelleiros de goberno mencionados no apartado primeiro terán, dentro das súas competencias delegadas neste Decreto, as funcións que sinala o artigo 37 do Regulamento orgánico do goberno e administración do Concello de Pontevedra

Sétimo- Todas as delegacións establecidas no apartado primeiro do presente Decreto teñen a consideración de xenéricas e abranguen dentro de cada área obxecto de creación, tanto a facultade de dirección dos servizos correspondentes como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros

Oitavo- Os concelleiros delegados mencionados no apartado segundo terán, dentro das súas competencias delegadas neste Decreto, as funcións que sinala o artigo 39 do Regulamento orgánico do goberno e administración do Concello de Pontevedra

Noveno- Todas as delegacións establecidas no apartado segundo do presente Decreto inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros

Décimo- O Alcalde, en calquera momento, poderá asumir as atribucións delegadas por esta resolución, sen prexuízo de poder avogar en calquera momento as competencias delegadas con arranxo a lexislación vixente sobre procedemento administrativo común

Undécimo- Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade a substitución dos concelleiros titulares das áreas de goberno asumiranse directamente por esta Alcaldía, quen exercerá as competencias previamente delegadas mentres dure a dita ausencia. A suplencia das Concellerías que ostenten delegacións especiais efectuarase pola Concellería responsable da área a que estean adscritas, e no seu defecto pola Alcaldía. As suplencias que se sinalan neste decreto non supoñen alteración das competencias previamente delegadas, senón tan só a substitución temporal dos delegados debida á súa propia ausencia, e efectuaranse se necesidade de acto administrativo distinto deste decreto

Décimo segundo- Os concelleiros mencionados neste Decreto non poderán delegar nun terceiro as atribucións que lle conferiu a Alcaldía

Décimo terceiro- Os concelleiros con delegación da Alcaldía, deberán informar previamente ó Alcalde da adopción de decisións de transcendencia

Décimo cuarto- Os actos ditados polos concelleiros no exercicio das atribucións delegadas, enténdense ditados pola Alcaldía. Atribuíse expresamente ós concelleiros a resolución dos recursos de reposición interpostos contra os actos por eles ditados cando sexa susceptible deste

Décimo quinto- As precedentes delegacións deberán ser aceptadas por parte dos concelleiros, entendéndose aceptada tacitamente se no prazo de tres días hábiles non fai expresa manifestación rexeitando a delegación

Décimo sexto- Nos **procedementos sancionadores por infraccións ás normas urbanísticas, medio ambientais, de seguridade cidadá, ordenanzas, bandos e similares** ás que se refire o apartado segundo deste decreto, que sexan competencia da Alcaldía, a súa iniciación corresponderalle ao Alcalde, e a imposición das sancións a concellaría sinalada neste decreto

A instrución destes procedementos sancionadores e o traslado dos acordos destes actos, que se inicien a partir do día seguinte a esta resolución, corresponderalle ao/a xefe/a do Servizo ou ao/a técnico/a de administración xeral do Servizo de disciplina urbanística, medio ambiental e policía



administrativa, actuando como secretario un/ha funcionario/a do dito servizo O instructor e o secretario serán noemados na resolución de inicio do procedemento polo Alcalde

Os recursos de reposición contra as sancións impostas resolveranse pola concellaría que segundo este decreto ten atribuída a imposición deste tipo de sancións

Décimo sétimo- A iniciación dos **procedementos sancionadores por infracción ás normas de circulación e tráfico que se cometan en vías de titularidade municipal** ás que se refire o apartado primeiro deste decreto correspóndelle ao Alcalde

A instrución destes procedementos sancionadores e o traslado destes actos en materia de tráfico aos que se refire o apartado primeiro que se inicien a partires do día seguinte a este decreto, corresponderalle ao/á xefe/a do Negociado de multas de tráfico, quen practicará notificacións e formulará propostas de resolución con notificación aos presuntos infractores No caso de ausencia, vacante ou enfermidade do xefe/a do Negociado de multas de tráfico substituirase en primeiro termo polo/a xefe/a do Servizo de disciplina urbanística, medio ambiental e policía administrativa, e de estar este/a último/a ausente, vacante ou enfermo/a polo técnico/a do Servizo de disciplina urbanística, medio ambiental e policía administrativa

Os recursos de reposición contra as sancións impostas resolveranse pola concellaría que segundo este decreto ten atribuída a imposición deste tipo de sancións

A notificación aos interesados das resolucións sancionadoras e dos recursos interpostos, efectuaranse polo/a xefe/a do Negociado de multas de tráfico do Concello de Pontevedra No caso de ausencia, vacante ou enfermidade do xefe/a do Negociado de multas de tráfico substituirase en primeiro termo polo/a xefe/a do Servizo de disciplina urbanística, medio ambiental e policía administrativa, e de estar este/a último/a ausente, vacante ou enfermo/a polo Técnico/a do Servizo de disciplina urbanística, medio ambiental e policía administrativa

Décimo oitavo- Notifíquese a presente resolución, persoalmente, aos señores concelleiros e directores xerais interesados, déase conta da mesma ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, todo elo sen prexuízo da súa efectividade dende a súa aceptación

Así o decreta e ordena o Excmo Sr Alcalde, na data que consta na sinatura electrónica dando fe do acto o Secretario da Administración Municipal

